



# BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo.

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, as últimas medidas adoptadas polo goberno central nas disposicións normativas publicadas no Boletín Oficial do Estado, os días 19 e 20/03/2020:

Primeiro.-**Suspensión de apertura ao público de establecementos de aloxamento turístico** (hoteis, aloxamentos similares, aloxamentos turísticos e outros de corta estancia, campings, aparcamentos de caravanas e similares, ubicados en calquera parte do territorio nacional). Excepcionalmente queda permitida a prestación dos servizos de vixilancia, seguridade e mantemento dos anteditos establecementos.

O peche producirase no momento en que os establecementos non dispoñan de clientes aos que atender e, en todo caso, no prazo máximo de sete días naturais contados a partir do 19/03/2020 e estará vixente ata a finalización da declaración do período de estado de alarma ou prórrogas do mesmo.

No obstante, poderán permanecer abertos aqueles establecementos dos citados anteriormente, que no momento no que se decretou o estado de alarma, se atopen hospedados de maneira estable e de temporada sempre que os seus ocupantes contén coas infraestruturas, nos seus propios espazos habitacionais, para levar a cabo as actividades de primeira necesidade nos termos do Real Decreto 436/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma. Non poderán admitir a novos clientes ata que finalice a suspensión.

Segundo.- **Nos transportes públicos de mercadorías por estrada**, estará permitido que vaian dúas persoas na cabina do vehículo, cando sexa necesario por razóns do tipo de transporte a realizar; observándose en todo caso as medidas e instrucións de protección indicadas polo Ministerio de Sanidade tendentes a evitar o contaxio do COVID-19.

Terceiro.- **Permítese a apertura de talleres de reparación e mantemento de vehículos de motor**, así como os establecementos de actividades conexas de venda de pezas e accesorios con venda directa aos talleres de reparación, **pero sen apertura ao público xeral** e observándose en todo caso as medidas e instrucións de protección indicadas polo Ministerio de Sanidade tendentes a evitar o contaxio do COVID-19.

Estará vixente ata a finalización da declaración do período de estado de alarma ou prórrogas do mesmo.

Cuarto.-**Permítese a circulación polas vías de uso público, para a realización de actividades de asistencia e cuidado de maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables** de acordo co disposto no artigo 7.1 e do Real Decreto polo que se declara o estado de alarma, sempre e cando se respeten as medidas para evitar o contaxio.

Quinto.- **Permítese a circulación polas vías de uso público, para a realización das actividades por causa de forza maior ou situación de necesidade prevista no artigo 7.1 g) do antedito Real Decreto, que habilitan as persoas con discapacidade**, que teñan alteracións conductuais, como por exemplo persoas con diagnóstico de espectro autista e condutas disruptivas, o cal se vexa agravado pola situación de confinamento derivada da declaración do estado de alarma, **e un acompañante**, sempre e cando se respeten as medidas necesarias para evitar o contaxio.

Manterá a súa eficacia durante a vixencia do estado de alarma.



# BANDO

Tamén se fai un CHAMAMENTO Á VECIÑANZA para que:

Primeiro.- Aquelas persoas físicas, comercios, empresas, talleres, etc...que posúan mascarillas, gafas/pantallas de seguridade, guantes, batas/buzos desbotables ou material de protección; o poñan a disposición para atender ao chamamento realizado polo Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

Para a súa recollida contactar con:

Telfs.: 617484852 (policía local)

648240217 (protección civil)

696427492 (alcaldía)

Segundo.- Quen teña constancia da existencia de situacións de especial vulnerabilidade, como por exemplo, persoas maiores que vivan soas ou persoas en situación de risco, que non poidan ir a facer a compra ou á farmacia, etc., por favor, comuníqueo aos servizos sociais municipais (Telf. 981707426) ou nos anteriores teléfonos.

Lémbrese que o concello ten un servizo de entrega a domicilio de produtos de primeira necesidade para as persoas vulnerables ou de especial dificultade. Rógase a colaboración de toda a veciñanza; así como o uso responsable deste servizo.

Terceiro.- Apélase á cidadanía a que faga caso das recomendacións do goberno central e autonómico e, salvo os casos permitidos, permaneza na súa casa.

O que asino en Vimianzo, 20 de marzo de 2020

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)